



Nota explicativa sobre o efecto do confinamento provocado pola pandemia da COVID-19 nos resultados da Mostra Continua de Vidas Laborais (MCVL) da edición 2020

Durante o ano 2020 o Estado español viuse na obriga de pór en marcha unha serie de medidas para paliar os efectos provocados pola pandemia da COVID-19, que afectaron ao mercado laboral de Galicia. Dúas destas medidas foron:

- A declaración do estado de alarma mediante o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, que impuxo restricións á mobilidade que limitaron a actividade laboral de moitos colectivos.
- A adopción de medidas para paliar a paralización da economía, como o fomento dos expedientes temporais de regulación de emprego (ERTE), o apoio ao emprego autónomo e o impulso do teletraballo.

Estas medidas provocaron que unha parte do tecido empresarial de Galicia paralizase momentaneamente toda ou parte da súa actividade durante o ano 2020 e se acollese a procedementos de regulación de emprego temporais (ERTE). Nesta situación, os seus traballadores e as súas traballadoras pasaron á situación de suspenso temporal do seu contrato ou de redución da súa xornada laboral habitual, aínda que a súa consideración como afiliados/as da Seguridade Social non variou. O Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE) facilitou os trámites para que as persoas acollidas a ERTE puidesen solicitar o acceso á prestación por desemprego, aínda no caso de non ter cotizado o período mínimo necesario para ter dereito a esta.

Nos resultados que difunde o IGE derivados da explotación da Mostra Continua de Vidas Laborais (en adiante, MCVL) referidos ao ano 2020, nos que se clasifica a poboación de Galicia en función da súa relación coa actividade económica, as medidas paliativas dos efectos da COVID-19 provocan:

- Unha suba importante de persoas que, durante o ano de referencia, compaxinou traballo e cobro dunha prestación por desemprego (durante o tempo que estiveron acollidos a ERTE).
- Unha diminución dos niveis salariais medios e medianos percibidos no ano 2020 polos traballadores e traballadoras contratadas por conta allea, xa que unha parte estivo en situación de ERTE nalgún momento do ano; durante estes períodos, estas persoas non percibiron un salario das súas empresas, senón unha prestación por desemprego.
- Unha diminución do salario por hora, derivada neste caso da fórmula que se emprega para o seu cálculo:

$$\text{Percepción salarial por hora} = \text{Percepción salarial diaria} / 8$$



A súa vez,

$$\text{Percepción salarial diaria} = \frac{\text{Salario anual bruto}}{(\text{Número de días traballados} \times \text{Coeficiente de tempo parcial})}$$

O número de días traballados obtense considerando o tempo que a persoa se atopa afiliada á Seguridade Social en alta laboral; no caso de traballadores e traballadoras acollidas a ERTE, posto que a súa afiliación ao Sistema da Seguridade Social non se viu afectado, compútase o tempo que se atopan en ERTE como tempo traballado.

Debido aos efectos que teñen nos resultados da MCVL. Edición 2020 as consecuencias e medidas paliativas da pandemia da COVID-19, a comparativa dos datos desta estatística para o ano 2020 con exercicios anteriores ou posteriores pode ter problemas.